

Leticia Serramalera

Leticia Serramalera Feduchi é unha bióloga mariña licenciada en ciencias ambientais na Universidade de Barcelona, cunha longa traxectoria profesional relacionada coa natureza e o mar Balear.

Unha vez rematados os estudos universitarios e o Máster en conservación e biodiversidade mariña, enfocou a súa vida laboral na investigación da socioecoloxía en Chile.

Actualmente incorporouse ao programa "Balears Sense Plastic" da Asociación Ondine, que ten por obxectivo traballar en conxunto para acadar o abandono dos plásticos dun só uso.

O seu obxectivo persoal é promover a adopción de prácticas honestas e sustentables e contribuír activamente á rexeneración da nosa contorna mariña e terrestre.

"La pasión por el mar combinada con mi formación científica ha sido lo que me ha llevado a dedicarme a la conservación marina."



Elena Barcala Bellod

Elena Barcala Bellod naceu en Madrid en 1963 e aos 15 anos retornou coa súa familia ao seu lugar de orixe, Murcia. Alí comezou os estudos de Bioloxía, especializándose posteriormente en Bioloxía Mariña pola Universidade de "La Laguna" (Tenerife). É doutora en Bioloxía pola Universidade de Murcia.

Dende 1990 traballou no Centro Oceanográfico de Murcia do Instituto Español de Oceanografía (IEO) en diferentes proxectos, moitos deles relacionados co Mar Menor. En 2009, obtivo a praza de científica titular.

As súas publicacións sobre o cangrexo azul do Atlántico, sobre a pesca no Mar Menor ou sobre a anguía, son moi recoñecidas a nivel internacional.

"Debemos reciclar porque todo o que tiramos ao lixo, se non reciclamos de forma axeitada, acabará no mar".

A súa carreira científica estivo sempre vencellada ao estudo dos resultados da protección das áreas mariñas, así como ao estudo de especies ameazadas : o cabaliño de mar e a anguía.



Deborah García Bello

Deborah García Bello nada na Coruña en 1984 é unha licenciada en Química e divulgadora da ciencia, que mantén o blog Dimetilsulfuro. Ten participado en Naukas (ed. 2017)

Licenciouse en Química, e durante oito anos deu clase de materias científicas no ensino medio. Comezou a traballar en divulgación científica ata que este labor se converteu na súa dedicación única. Mantén un blog de divulgación, Dimetilsulfuro, e dirixiu diversas xornadas de divulgación científica, como as de Arte & Ciencia no Museo Guggenheim de Bilbao ou a cátedra de Cultura Científica da Universidade do País Vasco.



“El progreso viene de la confluencia de diferentes formas de conocimiento.”

Ademais é membro de Divulgacion, da Asociación Española de divulgación Científica e colaboradora en Efervesciencia. Está a cursar o doutoramento na Universidade da Coruña en divulgación científica.

En 2018 participou no programa *Girl STEM*.

Carlota Escutia Dotti

Carlota Escutia Dotti, nada en Monzón (Huesca) no ano 1959, é unha xeóloga española, conocida polo seu traballo na evolución xeolóxica e o papel global da capa de xeo da Antártida. Escutia ten a súa sede no Instituto andaluz de Ciencias da terra de Granada (IACT).

Esta doutora en Ciencias do Mar, foi recoñecida co premio Rei Jaime I de Medio Ambiente no ano 2023. Escutia liderou a "Expedición 318 á Antártida do Integrated Ocean Drilling Program (IODP) con mais de 29 científicos de 13 países e outivo o premio polas súas contribucións "pioneiras" na comprensión das condicións ambientais cambiantes nos mantos de xeos antárticos e o seu impacto no sistema climático global.



Escutia advertiu que os mantos de xeo antártico corren o perigo de derretirse

“Tenemos el reto como sociedad de ralentizar el cambio climático”

polo cambio climático o que terá una repercusión global na subida do nivel do mar. Por elo, o seu proxecto futuro se centra en recabar os máximos datos sobre

a pérdida de masa do manto de xeo marino antártico e así destinará parte do premio a continuar con estas investigación.

Ana Payo Payo

Ana Payo Payo é unha oceanógrafa, ambientóloga, divulgadora científica e activista mediambiental española.

Payo licenciouse en 2010 na Universidade de Cádiz en Ciencias ambientais e en Ciencias do Mar. Ademais ten un Master en Xestión e Conservación da Biodiversidade e un doutorado na Ecoloxía de Poboacións de Aves Mariñas.

A súa investigación centrouse en impulsar o desenvolvemento de estratexias de xestión e mitigación dos efectos do cambio climático sobre a biodiversidade.

Tamén traballou como investigadora de ecoloxía de poboacións de aves marinas e como investigadora en ecoloxía teórica na Universidade de Aberdeen (Escocia)



Payo colaborou como divulgadora científica en Big Van Ciencia e como presentadora no *night show* de humor e divulgación científica Balears fa Ciencia da cadea IB3 televisión.

“Es importante desmitificar la idea de que los que hacemos ciencia o los que somos oceanógrafos siempre lo hemos querido ser.”

María Soledad Izquierdo

María Soledad Izquierdo López, nada en Madrid en 1960, é bióloga mariña e experta en nutrición de peces en acuicultura. Comezou os estudos de bioloxía na Universidade Complutense pero marchou a Universidade de La Laguna para facer a especialidade de bioloxía mariña. En 1984 o interese pola acuicultura -e o pouco desenvolvemento desta actividade en España- leváronna a Xapón a facer o doutorado en ciencias pesqueiras na Universidade de Tokio. Dende o ano 2000 é catedrática da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria. Na actualidade dirixe o Instituto de Acuicultura Sostible e Ecosistemas Mariños (Ecoaqua).



As súas investigacións céntranse en mellorar a nutrición dos peixes e facer os seus alimentos máis saudables e sostibles. O pasado ano foi nomeada Membro Honorario Vitalicia da sociedade Mundial de Acuicultura, a primeira muller en lograr esta distinción nos 50 anos de historia desta institución.

"Sempre me gustou moito a auga. Pouco a pouco intereseime máis polo mar e converteuse nunha paixón".

Natalia Barreiro

Natalia Barreiro Piñeiro naceu en Vedra (A Coruña) en 1989. É licenciada en Bioloxía Molecular e Biotecnoloxía e doutora en Medicina Molecular pola Universidade de Santiago de Compostela. Investigadora postdoctoral no Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS).

A súa investigación baséase no emprego dunha plataforma de etiquetado molecular (IC-Taggin) desenvolta e patentada polo laboratorio. Esta plataforma presenta múltiples aplicacións biotecnolóxicas entre as que destaca o desenvolvemento de vacinas.

Durante os seus anos de formación parte da súa investigación deu lugar a dúas patentes concedidas en Europa e en Estados Unidos ademais de diversas publicacións.

"Se fora presidenta do Goberno investiría máis cartos en investigación".

Dende 2020 participa nun proxecto para o desenvolvemento dunha vacina contra o SARS-CoV-2 baseada na plataforma IC-Taggin. Grazas a este proxecto en 2021 foi a gañadora do Premio Talento Mozo, categoría Ciencia, concedido pola Xunta de Galicia.



Verónica Bolón

Verónica Bolón Canedo naceu en Carballo (A Coruña) en 1984. É enxeñeira e doutora informática pola Universidade da Coruña. Fixo estudos de posdoutorado en Manchester e en 2016 incorporouse como profesora no Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información da UDC, onde forma parte do grupo de investigación LIDIA (Laboratorio de I+D en Intelixencia Artificial).

A súa investigación no campo da Intelixencia Artificial, céntrase na aplicación social da tecnoloxía desenvolvendo algoritmos que axudan no diagnóstico de enfermidades ou na detección das verteduras nos océanos.



Dende 2018 , Verónica é Secretaria da Asociación Española para a Intelixencia Artificial. Está moi comprometida co fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas.

En 2020 foi galardoada co Premio DonaTIC. En 2022 foi nomeada académica da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais de España.

"Debemos animar ás nosas nenas e nenos a que estuden o que máis lles guste , sen ningún tipo de prexuízo ou estereotipo que poida segar as súas ás".